

Pasos a seguir na aplicación de ordenación de postos para eleccións de destino



Elección de destino

Procesos

Inicio da elección: 04/06/2026 Fin da elección: 31/07/2026
O SISTEMA EMPREGARÁ A ORDE DE PREFERENCIA DE POSTOS QUE TEÑA REXISTRADA NA DATA DE FIN DE ELECCIÓN

Electores situados antes ca min que fixeron a elección: 0
Electores situados antes ca min que non fixeron a elección: 0

Escolle unha opción

- Escollo posto
- Pendente de elección
- Escollo posto
- Renuncio
- Solicito a excedencia

1. Escolla a opción desexada para a súa elección de postos entre:
 - a. **Escollo posto:** Indicará que desexa ordenar os postos colocando arriba os postos que desexa que lle sexan asignados primeiro. Deberá ordenar todos os postos dispoñibles, aínda que superen a súa posición de elección.
 - b. **Renuncio:** De elixir a opción «Renuncio», deberá presentar por escrito no Rexistro da Xunta de Galicia no mesmo prazo previsto para a súa elección de destino un escrito indicando a súa elección de renuncia. Deberá indicar de forma precisa o proceso selectivo ao que desexa renunciar. A persoa aspirante que exerza esta opción quedará excluída do proceso e decaerá no seu dereito a ser nomeada persoal funcionario de carreira do subgrupo a que accede.
 - c. **Solicito excedencia:** De elixir a opción «Solicitud de excedencia», deberá presentar a solicitude de excedencia por escrito no rexistro da Xunta de Galicia no mesmo prazo da súa elección de destino, sempre que cumpra os requisitos exixidos no artigo 174 (excedencia por prestación de servizos no sector público) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Se unicamente desexa quedar en excedencia se non resulta adxudicatario de certos postos, deberá indicar no escrito os postos que desexa que lle sexan adxudicados, e só no caso de que non resulte adxudicatario destes postos quedará en situación de excedencia (igualmente deberá marcar na aplicación de elección de destino como eliminados os postos que non desexa que lle adxudiquen, premendo na icona da papeleira). Neste sentido, as persoas que a soliciten por prestar servizos noutra Administración deberán presentar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos exixidos. No caso de que o proceso selectivo, polas súas características non contemple a opción de “Excedencia”, esta opción non aparecerá no despregable.
2. No caso de escoller a opción “Escollo posto” terá dispoñibles as opcións de ordenación por localidade e consellerías, ordenación por ficheiro ou ben ordenación manual posto a posto. Explicaremos o funcionamento de cada unha das opcións:

Ordenación por localidades e consellerías

Ordenar postos

Concellos
Escriba os códigos de concello na orde desexada separados por comas. Exemplo: 15770,36170,27001
32001,15770

Consellerías
Escriba os códigos de consellería na orde desexada separados por comas. Exemplo: PS,ED
PS,ED

Titulacións
Escriba os códigos de titulación na orde desexada separados por comas. Exemplo: 9140,4155,4410

Requisitos
Escriba os códigos de requisito na orde desexada separados por comas. Exemplo: 95A,247,228

ORDENAR **ORDENAR CON FICHEIRO DE TEXTO**

Debe incorporar os códigos de localidade dos postos separados por comas. Dentro de cada localidade os postos ordénanse por nivel de maior a menor. As localidades que non especifique na ordenación situaranse ao final. Pode atopar os códigos de localidade no Anexo I, ao final deste documento

Tamén poderá indicar a orde das consellerías dentro de cada localidade. Para empregar esta opción debe introducir os códigos de consellería que atopa na columna “Cons” no buzón de postos.

Os postos con requisitos (Códigos de formación que conteñan “R.I.”) inicialmente ordenaranse ao final, a no ser que se indique o código do requisito do posto no cadro de texto “Requisitos”, o que quere indicar que cumpre o requisito. Se se cumpren varios requisitos indicaranse os códigos separados por comas. Igual comportamento ocorre no caso de postos que posúan titulacións requiridas no cadro de texto “Titulacións”.

Unha vez introducidos todos os datos premerá no botón “ORDENAR”


- Todos os códigos de titulacións e requisitos atópanse na folla de cálculo co buzón dos postos.

Non debe empregar esta opción se ten os postos xa ordenados, xa que perderá a ordenación anterior

Ordenación por ficheiro

Primeiro debe descargar o buzón de postos correspondente ao seu corpo.

Unha vez descargado o excel debe ordenar todos os postos seguindo as súas preferencias. Para axudarse na ordenación pode empregar as opcións de “cortar” e “insertar celdas copiadas” ou ben opcións de ordenación de todos os postos ou parte de eles. Para ordenar parte dos postos pode seleccionar o conxunto de postos a ordenar e empregar a opción de ordenación personalizada de excel



Esta opción permitiralle escoller as columnas de ordenación e os criterios.

Unha vez que teña ordenados todos os postos, deberá seleccionar todos os valores da columna “Código” premendo no primeiro posto da columna co rato, desprazándose ao último posto da columna e premendo co rato e a tecla “maíúscula” simultaneamente o que seleccionará todos os postos.

	B	
	Código	De
	CU3010000215770030	POS SUB
	CU5010000015770003	POS SUB
	CU5010000015770051	POS SUB
	CU5010000215770064	POS SUB
	CU6010000015770002	POS SUB
	CU6010000015770010	POS SUB
	CU6010000015770011	POS SUB
	CU6010000015770015	POS SUB
	CU7010000015770010	POS SUB
	CU7010000015770012	POS SUB
	CU7010000015770013	POS SUB

Despois premeremos na opción de “copiar”, abriremos a aplicación do “bloc de notas” (notepad) e pegaremos os postos coa opción “pegar” tras o que gravaremos o ficheiro.

O ficheiro terá un aspecto similar o seguinte:

```

*Sin título: Bloc de notas
Archivo Edición Formato Ver Ayud
CU3010000015770036
CU5010000015770007
CU5010000015770076
CU5010000115770015
CU5010000115770017
CU5010000115770085
CU5010000215770003
CU5010000315770140
CU6010000015770020
CU6010000015770033

```

Nel terá todos os postos da súa elección ordenados seguindo a súa preferencia do primeiro ao último. No caso de que o proceso selectivo non permita seleccionar a opción de excedencia, o ficheiro debe conter todos os postos do buzón abertos ao seu subgrupo, se lle falta algún posto, a carga dará un error. Se o proceso permite a opción de excedencia e faltan postos no ficheiro de carga de ordenación, os postos que falten marcaranse como EXCEDENCIA o que quere dicir

que se resulta adxudicatario dalgún destes postos, solicita quedar en excedencia no corpo do proceso selectivo.

Finalmente deberá premer no botón “ORDENAR CON FICHEIRO DE TEXTO” seleccionando o ficheiro gravado.

Ordenar postos

Concellos

Esriba os códigos de concello na orde desexada separados por comas. Exemplo: 15770,36170,27001

32001,15770

Consellerías

Esriba os códigos de consellería na orde desexada separados por comas. Exemplo: PS,ED,MR

PS,ED

Titulacións

Esriba os códigos de titulación na orde desexada separados por comas. Exemplo: 9140,4155,4410

Requisitos

Esriba os códigos de requisito na orde desexada separados por comas. Exemplo: 99A,247,228

ORDENAR

ORDENAR CON FICHEIRO DE TEXTO

Ordenación posto a posto

Despois de realizar calquera outro tipo de ordenación, ou ben directamente, poderá cambiar a posición de preferencia dos seus postos de modo manual un a un. Cada vez que cambie a elección dun posto, esta nova orde quedará gravada na súa elección sen ter que realizar ningunha outra operación.

Mover o posto á posición indicada (debe estar entre 1 e a posición do último posto que se pode mover)

Indicar que non desexo que se me asigne este posto (no caso de que me correspondera solicitaréi a excedencia)

Permite volver a modificar a orde do posto

Ver máis información do posto

Posición	Mover á posición		Código de posto		Descrición	Cons.	Concello	Nivel
1			EIC992090232001005		COORDINADOR/A DE ÁREA	EM	OURENSE	20
2			PSC991000032001203		XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	PS	OURENSE	18
3			EDC991000032001091		XEFATURA NEGOCIADO V	ED	OURENSE	18
4			EDC991000032001031		XEFATURA NEGOCIADO	ED	OURENSE	18
5			EDC991000032001163		XEFATURA NEGOCIADO I	ED	OURENSE	18
6			INO191000032001052		XEFATURA NEGOCIADO	EM	OURENSE	18
7			EIC991000032001150		XEFATURA NEGOCIADO I	EC	OURENSE	18
8			MAC991000132001030		XEFATURA NEGOCIADO	MA	OURENSE	18

Para modificar a orde dun posto só ten que visualizar o posto

25

FCA291000032001017

XEFATURA GRUPO

FC

OURENSE

14

28

FCA291000032001080

OPERADOR/A ENTRADA DE DATOS

FC

OURENSE

14

1. Introducimos a posición na que queremos colocar o posto (neste exemplo quero o posto como segundo posto da miña elección) (1).
2. Pulsamos o botón para modificar a orde do posto (2)

Unha vez pulsado o botón de actualización (2) o posto pasa á segunda posición da miña elección e queda gravado. Os postos deben ordenarse de un en un. Unha vez introducida a posición do posto no cadro de texto debemos premer o botón de actualización antes de proceder a ordenación doutro posto.

En calquera intre pode abandonar a aplicación. Todos os cambios grávanse en tempo real, polo que cando volva a acceder, os seus postos estarán na mesma orde en que quedaron no último cambio.

O sistema rexistra cada operación realizada. A súa orde de prelación dos postos será a que figure no sistema ao peche do prazo de elección.

En calquera intre pode xerar un documento coa orde de elección actual, que so se correspondera coa súa orde de elección final se non realiza cambios con posterioridade.

ANEXO I

Códigos de municipio

Código	Municipio	Código	Municipio	Código	Municipio	Código	Municipio
15001	A CORUÑA	15530	NARON	27160	CHANTADA	36030	BAIONA
15010	ABEGONDO	15550	NEGREIRA	27170	FOLGOSO DO COUREL	36040	BUEU
15020	AMES	15560	NOIA	27180	A FONSAGRADA	36050	CALDAS DE REIS
15050	ARTEIXO	15570	OLEIROS	27200	FRIOL	36060	CAMBADOS
15060	ARZUA	15580	ORDES	27220	GUITIRIZ	36080	CANGAS
15070	A BAÑA	15590	OROSO	27250	XOVE	36090	A CAÑIZA
15080	BERGONDO	15600	ORTIGUEIRA	27280	MEIRA	36100	CATOIRA
15090	BETANZOS	15610	OUTES	27290	MONDOÑEDO	36120	COTOBADA (FUSIONADO)
15100	BOIMORTO	15614	CARIÑO	27300	MONFORTE DE LEMOS	36170	A ESTRADA
15110	BOIRO	15640	PADRON	27310	MONTERROSO	36180	FORCAREI
15120	BOQUEIXON	15650	O PINO	27470	A PONTENOVA	36210	GONDOMAR
15130	BRION	15660	A POBRA DO CARAMIÑAL	27490	QUIROGA	36220	O GROVE
15160	CAMARIÑAS	15680	PONTEDEUME	27500	RIBADEO	36235	A ILLA DE AROUSA
15170	CAMBRE	15690	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	27550	RABADE	36240	LALIN
15190	CARBALLO	15700	PORTO DO SON	27560	SARRIA	36260	MARIN
15200	CARNOTA	15710	RIANXO	27640	VILALBA	36270	MEAÑO
15210	CARRAL	15720	RIBEIRA	27650	VIVEIRO	36290	MOAÑA
15220	CEDEIRA	15740	SADA	28001	MADRID	36320	MORAÑA
15230	CEE	15760	SANTA COMBA	32001	OURENSE	36340	AS NEVES
15280	CORCUBION	15770	SANTIAGO DE COMPOSTELA	32060	BANDE	36350	NIGRAN
15290	CORISTANCO	15810	TEO	32090	O BARCO DE VALDEORRAS	36380	O PORRIÑO
15300	CULLEREDO	15830	TORDOIA	32190	O CARBALLIÑO	36390	PORTAS
15310	CURTIS	15840	TOURO	32230	CASTRO CALDELAS	36400	POIO
15340	FENE	15850	TRAZO	32240	CELANOVA	36410	PONTE CALDELAS
15350	FERROL	15870	VAL DO DUBRA	32320	XINZO DE LIMIA	36420	PONTEAREAS
15360	FISTERRA	15880	VEDRA	32340	A GUDIÑA	36440	REDONDELA
15390	LAXE	15910	VIMIANZO	32420	LOBIOS	36480	SALCEDA DE CASELAS
15400	A LARACHA	15920	ZAS	32430	MACEDA	36490	SALVATERRA DE MIÑO
15410	LOUSAME	27001	LUGO	32550	PADRENDA	36500	SANXENXO
15420	MALPICA DE BERGANTIÑOS	27060	BECERREA	32620	A POBRA DE TRIVES	36510	SILLEDA
15440	MAZARICOS	27085	BURELA	32700	A RUA	36520	SOUTOMAIOR
15450	MELIDE	27100	CASTRO DE REI	32730	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	36540	TUI
15460	MESIA	27110	CASTROVERDE	32840	VERIN	36550	VALGA
15500	MUGARDOS	27120	CERVANTES	32850	VIANA DO BOLO	36560	VIGO
15510	MUXIA	27130	CERVO	32860	VILAMARIN	36580	VILA DE CRUCES
15520	MUROS	27150	COSPEITO	36001	PONTEVEDRA	36590	VILAGARCIA DE AROUSA
						36600	VILANOVA DE AROUSA